

**Resolución do 28 de abril de 2022, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021, pola que se fan públicas as cualificacións do segundo exercicio e mais a data para a realización do terceiro exercicio**

Nas sesións dos días 8 de abril e 27 de abril de 2022, o tribunal designado por resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2021 (BOPG núm. 215, do 20 de outubro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021 (BOPG núm. 163, do 30 de xuño de 2021) ACORDOU:

Primeiro. A relación das puntuacións do segundo exercicio que se indican a seguir das persoas aspirantes que concorreron a el, con indicación da puntuación de cada un dos temas (A1: lingua xeral e A2: lingua xurídico-administrativa e parlamentaria) e da cualificación total:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN		
			A1	A2	TOTAL
1	ALEXANDRE TEIXEIRO, PAULA	***9684**	9	1,5	10,5
2	BARÁ LOURO, MARÍA	***6372**	7,5	6,5	14
3	IGNACIO RIAL, ROCÍO	***3328**	4	4	8
4	LÓPEZ GONZÁLEZ, MARÍA DEL MAR	***6111**	3	9	12
5	PARDO ÁLVAREZ, HÉCTOR	***5859**	9,5	3	12,5
6	PERNAS RUBAL, CRISTIAN	***8445**	9	7	16
7	VIDAL REIMÚNDEZ, CARME MARÍA	***8736**	6	6	12

Segundo. En aplicación da base 6.1.2. da convocatoria, considérase que só superaron este exercicio as persoas aspirantes que acadaron un mínimo de dez (10) puntos.

Terceiro. Publicar as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes presentadas ao segundo exercicio do proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, na páxina web e mais no taboleiro de anuncios do Parlamento de Galicia (<http://www.parlamentodegalicia.gal/Institucion/ProcedementosSelectivos/>).

Cuarto. Fixar como data para a realización do terceiro exercicio os días 1 de xuño, ás 9 horas (primeira parte) e 2 de xuño, ás 10 horas (segunda parte) de 2022, na sede do Parlamento de Galicia. O tribunal comunicará oportunamente a dependencia concreta da sede do Parlamento en que se realizará o exercicio.

Quinto. En conformidade co disposto na base 6.1.5 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coas puntuacións no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao de publicación desta resolución nos lugares indicados.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2022

Raquel Rodríguez Carro  
Presidenta do tribunal